



LINGUA GALEGA 6º

TEMA 4 – RIMAR SEN PARAR!

LECTURA: “Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta”

1.º ACTO

Escena primeira

Sala de estar dun piso. Amplas ventás polas que entran as luces da cidade. É o quinto andar do edificio. No interior hai un sofá, dúas butacas e, máis cara ao fondo, unha mesa de comedor con cadeiras ao redor e a porta que comunica co corredor. É de noite e a luz do cuarto está acesa. Unha nena de oito anos coloca os zapatos a carón dunha butaca. Enriba da mesa hai tres cuncas de barro, unha bolsa con herba e mais tres vasos e unha xerra con auga. Fala para si mesma. Nótase que está chupando un caramelo.

NELA: Os zapatos aquí, ben limpiños. E agora a herba para os tres cameliños: para o camelo Pinto, para o camelo Bruno e para a camela Brisa. Auga para beber...

A nena enche de auga os vasos. Nese momento entra súa nai cunha bandexa na que leva tres pratos con turrón brando.

NAI: Nela! Estás comendo un caramelo, non si?

NELA: Eu? Non.

Aproveitando que a súa nai lle dá as [costas](#) para colocar a bandexa na mesa, NELA saca o caramelo da boca e bótalo nun dos vasos con auga.

NAI: Non digas unha mentira. Xa sabes que se unha mentira contaches, unha palabra da carta borraches. Estás comendo un caramelo antes da cea?

NELA: Non.

Abre a boca para que a súa nai comprobe que está [baleira](#). Nese momento, e sen que ningunha das dúas se decate, a auga na que caeu o caramelo empeza a [burbullar](#) e pórse verde.



NAI: Ven cear, anda, e axiña para a cama, non vaia ser que os Reis te atopen esperta.

Saen e apagan a luz. O cuarto queda en [penumbra](#), iluminado só pola luz da rúa.

Isabel Freire, *Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta*, Galaxia, 2014.

Repara

Nalgúns lugares (como en Galicia) existe a tradición de representar os Reis traendo os agasallos que os nenos lles pediron, nas súas cartas, durante a noite anterior á Epifanía, do 5 ao 6 de xaneiro.

En Galicia, a lenda dos Reis Magos foi substituíndo ao longo dos últimos séculos o **Apalpador**, figura propia mítica ligada á tradición do Nadal da que só fican testemuños nas comarcas orientais de Galicia e que se recuperou nos últimos anos. O Apalpador é un **xigante carboeiro que baixa do Courel** e que palpa as barriguiñas dos nenos para ver se pasan fame, deixando presadas de castañas e agasallos feitos a man ou educativos.

Actividades:

1. Contesta estas cuestións:

- Que personaxes visitan a Nela?
- Que nome teñen os camelos?
- O Apalpador, onde vive?
- Que intenta agochar Nela? Onde o agocha?
- Que lle di a nai sobre as mentiras? A que se refire?
- Sabes dalgún outro personaxe que veña polo Nadal?
- Que pasa se a atopan esperta?
- Que tipo de texto é o da lectura?



3. Reforza os teus coñecementos. Relaciona estas palabras cos seus antónimos.

Arisco	ordinario
Duradeiro	díscolo
Especial	momentáneo
Disciplinario	dócil

4. Reforza os teus coñecementos. Clasifica as seguintes palabras segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

Herba:
Aquí:
Caramelo:
Agasallo:
Bótao:
Beber:
Camelo:
Turrón:



Vocabulario: As palabras homónimas

Cando dúas palabras **se pronuncian e se escriben da mesma forma**, pero **non posúen o mesmo significado**, estamos a falar de palabras **homónimas**.

- *Lima*: froito da limeira, parecido a un limón, pero de menor tamaño, de sabor máis doce e de tona verde.
- *Lima*: barra de aceiro coa superficie estriada que serve para desgastar e alisar materias duras.

Cando dúas palabras **se pronuncian igual**, pero teñen **distinta grafía e significado**, son **homófonas**.

- *Balor*: peluxe branca ou verdosa constituída por certos fungos microscópicos, que se forma nas materias orgánicas con humidade e contribúe á descomposición destas.
- *Valor*: calidade ou conxunto de calidades obxectivas que fan que unha cousa sexa digna de aprecio.

Por outra banda, cando as palabras teñen a **mesma grafía, pero distinto significado**, son **homógrafas**.

- *Papa*: calquera substancia branda, de consistencia pastosa ou semellante a un líquido máis ou menos espeso, particularmente se é comestible.
- *Papa*: xefe supremo da Igrexa católica.

Repara

Ao longo do tempo, na lingua galega fóronse incorporando palabras provenientes doutras linguas. Desde antigo, esas palabras chegaron de idiomas como o **provenzal** (rúa, frauta), do **francés** (viaxe, homenaxe), do **italiano** (soneto, piano) ou do **inglés** (xersei, fútbol, líder...).

A este tipo de palabras denominámolas **préstamos** e, coa chegada das novas tecnoloxías e as novas formas de relacionarnos (redes sociais e móbiles de terceira xeración), son moitas as palabras que se veñen sumando a este proceso: *chat, blog, cíber, fax, web...*



2.º ACTO

Escena primeira

Os dous Reis Magos detéñense diante dunha porta pechada e [tentan](#) escoitar a través dela. GASPAR pega un bote contra a porta por mor do casco. MELCHOR apártao para achegarse el, pero cáelle a coroa, que roda polo chan con estrépito. [Sesean](#) os dous, [anoxados](#). Pegan as cabezas como poden á porta e, de súpeto, alguén tira da [túnica](#) de MELCHOR por detrás. Dan un chimpco co susto. É NELA en pixama, coa coroa de MELCHOR na man.

NELA: Ides espertar os meus pais e os papás non poden ver os Reis Magos, que se asustan.

MELCHOR colle a súa coroa e colócaa na cabeza moi [envarado](#).

MELCHOR: Non, son os nenos os que non deben ver os Reis Magos.

NELA: Pois eu véxovos desde pequena. Ti (*sinala a Melchor*) paréceste ao meu avó Pepe, e ti (*a Gaspar*) ao meu tío Fernando co seu bigotazo. Por que levas casco dentro da casa?

GASPAR, un chisco avergoñado, quita o casco. Colle a nena da man e lévaa cara á sala.

Escena segunda

Entran os tres na sala. NELA, ao ver a BALTASAR deitado no sofá, [teso](#) coma unha fruta, solta a man de Gaspar e axeónllase á beira do Rei durmido. Acariñalle a [meixela](#).

NELA: Que lle pasa? Por que dorme?

GASPAR [axeónllase](#) tamén.

GASPAR: Verás, é que está [enfeitizado](#). Os caramelos de menta séntannos mal aos Reis Magos, prodúcennos moito sono e iso é un perigo porque podemos quedar durmidos na noite de Reis, así que nunca os tomamos. Pero el, hoxe, sen querer comeu un.



Actividades:

2. Responde as preguntas sobre a lectura.

- Quen está detrás da porta? Como se chaman?
- Está ben escoitar detrás das portas?
- Quen se asusta se ve os Reis Magos?
- Que tipo de texto é o da lectura?
- Explica o motivo polo que hai partes do texto que van en cursiva.
- Que pasa se os Reis quedan durmidos na súa noite?

5. Relaciona cada palabra homónima co seu significado.

Pe	Que ocupa moito espazo, que ten unha grande extensión.
Pé	Armazón que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes.
Vaca	Bordo inferior dunha peza de roupa dobrado cara a adentro e asegurado cunhas puntadas.
Baca	Membros inferiores do corpo que nos serven de sostén ao camiñar.
Basta	Mamífero da suborde dos ruminantes, femia do touro, que se cría para aproveitarlle o leite, a carne e a pel.
Vasta	Nome da letra <i>p</i> .



Literatura: *A rima, a estrofa e o poema. A repetición e a aliteración*

A poesía adoita posuír rima. A rima prodúcese entre as palabras cando o seu son é idéntico ou moi semellante:

casadeira/solteira

Dise que hai rima cando existe **concordancia total ou parcial** no final de dúas ou máis palabras, a partir da última vogal acentuada.

Había unha vez nun país remoto
unha princesiña que tiña unha **moto**.

Cando non hai rima, dicimos que é un caso de **verso libre**. Vexamos un exemplo:

eu son de aquí

desta raíz de nogueira
que fende
o mar

desta carriza
orientada ao inverno

desta mera

son de aquí

Rafa Villar, casa ou sombra, Espiral Maior, 1997.

A **rima** pode ser **asonante** ou **consonante**. Dicimos que hai **rima consonante** cando **se repiten todos os sons** da última palabra de cada verso:

Era unha vez na quimb**amba**
tumba retumba
lamba rel**amba**



Un calabó moi sabongo
mongo redondo
pingo no congo

Antón Cortizas, *Era unha vez na quimbamba*, Tambre, 2008.

Existe **rima asonante** cando **se repiten as vogais** da última palabra de cada verso a partir da vogal acentuada:

Nun taller que puxeron
dúas arañas
tecen mantas e colchas
manteis e sabas.

[Helena Villar Janeiro](#), *As señoras cousas*,
Galaxia, 2014.

Como xa sabes, a análise métrica consiste en **medir os versos** para comprobar cantas sílabas teñen. A rima sinálase poñéndolle a mesma letra, seguindo a orde alfabética, ao final dos versos que riman entre si, agrupándoos de dous en dous. Cando os versos son de **arte maior** (a partir de 9 versos) pónselles unha letra en maiúsculas. Se, pola contra, os versos son de **arte menor**, indícase poñendo unha letra en **minúscula**.

Era unha muller,	6a
Chamábase Inés,	6b
Que tiña o costume	6a
De andar ao revés.	6b
E tiña un irmán	6a
Chamado Román	6b
Que tamén soía	6a
Andar para atrás.	6b

[Antón Cortizas](#), *Era unha vez na quimbamba*, Tambre, 2008.



Actividades:

2. Ponlle a rima a este poema. Mide logo os seus versos e indica se son de arte maior ou de arte menor.

Miña cousiña

Cóntalle, miña cousiña,
Contiños tristes de fadas,
E de *reinas* encantadas
Nos castros, á *ialma* miña.

Fala, carrapucheiriña,
Das vilas asolagadas,
Onde hai mil lendas aladas
Nympheas de flor branquiña.

E, *pra* embala-las as súas dores.
Cóntelle os doces amores,
E o dorido suspirar.

Duns amantes ben queridos,
En dous piñeiros convertidos
Que se beixan ó luar.

[Aquilino Iglesia Alvariño](#), *Polo correo do vento*, Edicións Xerais.

4. Reforza os teus coñecementos. Contesta no teu caderno: cantas sílabas teñen as seguintes palabras?

1. camiño
2. hipertensión
3. pel
4. cartón
5. paporrubio
6. carrizo



5. Emparella as palabras que riman entre si.

liño	carrizo
namorar	bico
pico	vello
chourizos	pensar
vermello	camiño



GRAMÁTICA: *O adxectivo. Os graos do adxectivo*

As palabras que indican as **calidades** ou **estados** dos **substantivos** son os adxectivos. Estes acompañan os substantivos e **concordan** en **xénero** e **número** con eles:

follas novas

Na **formación** dos **adxectivos** interveñen **sufixos** e **prefixos**, que se lles engaden a un substantivo (*morriñento*), a un verbo (*bebible*) ou a un adxectivo (*azulado*).

Algúns dos **sufixos** que interveñen na súa formación son: **-ento** (*pegañento*), **-oso** (*espazoso*), **-ado** (*respectado*), **-ivo** (*incisivo*), **-udo** (*sisudo*)...

Para a **formación** do **feminino** e do **plural**, o adxectivo segue as mesmas regras que o substantivo:

só-soa

vigués-viguesa

cantor-cantora

O adxectivo posúe **graos**, é dicir, os modos en que se expresan as súas distintas «intensidades». Estes graos son tres:

1. **Grao positivo:** é aquel que ofrece información sobre a calidade do substantivo ou nome, sen aumentala nin diminuíla.

chuvia intensa

2. **Grao comparativo:** é aquel que compara calidades entre dous elementos. Pode ser de superioridade, de igualdade e de inferioridade.

- De **igualdade**. Fórmase cos adverbios *tan*, *tanto*, *tanta* e coa conxunción *como/coma*:

O paxaro é tan veloz como cría.



Úsase unha ou outra conxunción nestes casos:

- Diante dos verbos úsase **como**:
*A cadela é **tan** rápida **como** dixeran.*
- Diante dos pronomes úsase **coma**:
*A cadela é **tan** rápida **coma** nós.*
- Nos demais casos pode usarse **como** ou **coma**:
*Estas mulleres son **tan** traballadoras **como** esas.*

*Estas mulleres son **tan** enxeñosas **coma** esas.*

- De **superioridade**. Fórmase co adxectivo **máis** e os relativos **do que, ca, que**.

- Emprégase **do que** antes dos verbos:
*O agasallo é **máis** marabilloso **do que** esperabamos.*

- Emprégase **ca** diante dos pronomes *min, ti, el, ela, nós, vós, eles e elas*:

*María é **máis** aguda **ca** el.*

- Empréganse **ca** ou **que**, indistintamente, nos demais casos:
*As luvas son **máis** pequenas **que** esas.*

*As luvas son **máis** pequenas **ca** esas.*

Algúns adxectivos teñen formas especiais para o comparativo de superioridade:

Adxectivo	Comparativo de superioridade
bo	mellor
malo	peor
grande	maior
pequeno	menor



- De **inferioridade**: é aquel que se forma co adverbio *menos* e os relativos *do que, ca, que*.
 - Emprégase **do que** diante dos verbos:
A boneca é menos fermosa do que pensaba.
 - Emprégase **ca** diante dos pronomes *min, ti, el, ela, nós, vós, eles e elas*:
Os teus curmáns son menos rebuldeiros ca elas.
 - Emprégase **ca** ou **que**, indistintamente, nos demais casos:
As cortinas que quero son menos longas que esas.
- 3. **Grao superlativo**. É aquel que atribúe unha calidade no seu grao máis alto respecto dos demais. Constrúese de dúas formas:
 - Con **moi + adxectivo**.
As atraccións son moi divertidas para os nenos.
 - Adxectivo rematado en **-ísimo/a**.
As atraccións son divertidísimas para os nenos.

Actividades:

3. Sinala cales das seguintes palabras son adxectivos.

o
maino
estandarte
xantar
louro
unhas

4. Completa co comparativo de igualdade as seguintes oracións.

- a. O cabalo é (tan/como/coma/como ou coma) alto
(tan/como/coma/como ou coma) a auga.



- b. Este libro está (*tan/como/coma/como ou coma*) coidado (*tan/como/coma/como ou coma*) o manual de literatura que está ao seu lado.
- c. María é (*tan/como/coma/como ou coma*) faladora (*tan/como/coma/como ou coma*) min.

5. Completa co comparativo de superioridade as seguintes oracións.

- a. Laura xa está (*máis/ca/que/ca ou que*) alta (*máis/ca/que/ca ou que*) a súa nai.
- b. Xandre sempre foi (*máis/ca/que/ca ou que*) agudo (*máis/ca/que/ca ou que*) nós.
- c. O coche vermello ten moitos (*máis/ca/que/ca ou que*) anos (*máis/ca/que/ca ou que*) o da veciña.

6. Completa co comparativo de inferioridade as seguintes oracións.

- a. A cabuxa é (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) alta (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) a egua.
- b. Maruxa é (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) intelixente (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) a súa irmá.
- c. Esas laranxas son moito (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) agres (*menos/que/ca/do que/ca ou que*) as da outra laranxeira.
- d. Manuel é (*menos/ca/coma/do que/ca ou que*) áxil (*menos/ca/coma/do que/ca ou que*) nos comentaron.



Ortografía: O acento diacrítico

O **acento diacrítico** é aquel que lle poñemos ás **palabras que se escriben igual** para poder diferencialas. Estas palabras teñen distinto significado e tamén poden ter distinta pronuncia.

Aínda que polas regras de acentuación non lles corresponda, poñémoslles o acento diacrítico para distinguilas.

Algunhas desas palabras son:

á (preposición <i>a</i> + artigo <i>a</i> / parte do corpo da ave)	<i>Irei á casa de María xogar esta tarde.</i> <i>Os anos teñen ás.</i>
a (artigo)	<i>Gústame a boneca de cabelo loiro.</i>
a (pronome)	<i>É moi cara, non a vou mercar.</i>
a (preposición)	<i>Vai a París de vacacións.</i>
a (nome da letra)	<i>Fáltache engadir a ao final da palabra.</i>
ao/ó (preposición <i>a</i> + artigo <i>o</i>)	<i>Vai buscar leite ao/ó supermercado.</i>
o (artigo ou pronome)	<i>Comiches o pan? Non, non o comín.</i>
é (verbo ser)	<i>É o meu mellor amigo.</i>
e (conxunción)	<i>A María e a Clara gústalles ir ao cine.</i>
dá (verbo dar)	<i>Luis é moi xeneroso, dá todo o que ten.</i>
da (preposición <i>de</i> + artigo <i>a</i>)	<i>A filla da miña tía xa ten once anos.</i>
máis (adverbio de cantidade)	<i>Cada vez está máis fermosa.</i>
mais (pero)	<i>É moi tímida, mais moi intelixente.</i>
nó (lazo apertado)	<i>Laura fixo un nó difícil de desfacer.</i>
no (preposición <i>en</i> + artigo <i>o</i>)	<i>No recuncho aquel caeu e mancouse.</i>
nós (pronome persoal)	<i>Nós queremos ir de festa.</i>



nos (preposición <i>en</i> + artigo <i>os</i>)	<i>Non te metas nos meus asuntos!</i>
pé (parte do corpo)	<i>Foi correndo e mancou un pé.</i>
pe (letra)	<i>O pe é unha letra do alfabeto.</i>
vén (verbo vir)	<i>María vén da casa do seu avó.</i>
ven (verbo ver)	<i>Soben ao tellado e desde alí vena ría.</i>
bóla (esfera)	<i>Os rapaces xogan á bóla no recreo.</i>
bola (peza de pan)	<i>Gústame máis a bola que a barra.</i>
fóra (adverbio de lugar)	<i>Andan a xogar fóra co resto dos nenos.</i>
fora (verbo ser, verbo ir)	<i>Xa fora antes a Londres, cando fora xogador profesional.</i>
póla (parte de árbore)	<i>Aquela póla estaba chea de froitas.</i>
pola (galiña)	<i>No galiñeiro, as polas están apartadas dos capóns.</i>
pola (preposición <i>por</i> + artigo)	<i>O can marchou a correr pola estrada.</i>
présa (apuro)	<i>Teño présa porque xa chego tarde.</i>
presa (encoro)	<i>Tiveron que facer unha presa.</i>
presa (puñado)	<i>Botou unha presa de millo ás galiñas.</i>



Actividades:

3. Escribe correctamente a palabra que corresponde coa ilustración.



4. Escribe unha oración con cada unha das palabras do exercicio anterior.

Ao peche: *Que aprendiches?*

1. Reflexiona e valora o teu traballo. Recoñezo as palabras homónimas? Que diferenza hai entre varro e barro?

2. Reflexiona e valora o teu traballo. Que sei da rima da poesía? Distingo entre rima asonante e rima consonante? Sei distinguir entre os graos dos adxectivos? Que tipo de palabra é amable? E amabilísimo, en que se diferencia desa palabra?

3. Reflexiona e valora o teu traballo. Sei que é o acento diacrítico? Por que se lle pon acento gráfico a óso?

Avalíate

6. Sinala as palabras que teñen unha homófona?

Vela
Monllo
Hai
Cunca

7. Escribe debaixo de cada imaxe a palabra á que corresponde.



8. Completa as seguintes oracións.

a. Aquela rapaza tiña os ollos (*máis/mais*) lindos que eu vira, (*máis/mais*) sempre ía con gafas escuras e non se lle vían.



- b. Co seu coche ía sempre dun lado para o outro, sempre ás (*préas/presas*), até cando pasaba pola estrada aquela chea de curvas que estaba preto da (*préa/presa*).
- c. Botamos todos (*nós/nos*) un aturuxo que (*nós/nos*) berraron por facer tanto ruído.
- d. De tanto que se asustou, a (*póla/pola*) deu un chimpo e saltou a aquela (*póla/pola*).

9. Indica a rima do poema.

Un bravo pirata

Un bravo pirata	(a/A/b/B)
había unha vez	(a/A/b/B)
que tiña tres patas,	(a/A/b/B)
unha, dúas, tres. [...]	(a/A/b/B)

Antón Cortizas, *Era unha vez na quimbamba*, Tambre, 2008.

10. Indica cales destas palabras riman entre si.

Marmelo	té
Tirante	espazo
Regazo	estante
Café	cartón
Saltón	martelo

11. Indica cales destas palabras son adxectivos.

aínda
guapísimo
agre
couza
dous



12. Indica a que grao do adxectivo corresponden estas oracións (comparativo de igualdade, comparativo de superioridade, comparativo de inferioridade, superlativo).

1. A nena é máis lista ca ti.
2. O pai de Xan é listísimo.
3. É tan grande coma o que teño no coche.
4. O rapaz aquel é menos agudo ca a miña curmá.

Reforza

13. Indica cal destas palabras é un adxectivo.

saír
espectáculo
inmoral
costureiro
dá

14. Indica cales destas palabras teñen unha homónima.

aquel
da
oso
nunca
nós
marea

15. Relaciona os enunciados cos conceptos. Que é...

- | | |
|------------------|--|
| -Rima asonante | -Cando un poema non ten rima. |
| -Rima consonante | -Cando un poema mide oito versos ou menos. |
| -Arte maior | -Rima na que coinciden todos os sons a partir da última vogal acentuada. |
| -Arte menor | -Cando un poema mide máis de oito versos. |
| -Verso libre | -Rima na que coinciden os sons vocálicos a partir da última vogal acentuada, en dous ou máis versos. |